



Área / Unidade MOVILIDAD URBANA MU1100C SVC	Documento 851181011L	
Código de verificación  0J2S 0U2V 4U6K 201Z 0L98	Expediente 851/2024/21	
	Fecha 02-10-2024	

CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA O MANTEMENTO E COMPENSACIÓN DOS GASTOS DE TAXIS ADAPTADOS ÁS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DURANTE O EXERCICIO 2024

ASUNTO: RECTIFICACIÓN DO GASTO AUTORIZADO E DA BASE 3.1.

RESOLUCIÓN

A concelleira delegada de Infraestruturas e Mobilidade, con data 13.07.2024, resolveu autorizar o gasto de 18.000,00€ correspondente á convocatoria específica para o mantemento e compensación dos gastos de taxis adaptados ás persoas con mobilidade reducida, imputable á aplicación 41.4412.47901 do Orzamento Municipal para o exercicio 2024 y aprobar a convocatoria pública e as bases reguladoras da concesión das ditas axudas.

A citada resolución contiña un erro, posto que o crédito dispoñible na aplicación é de 25.000€ e non de 18.000€

A este respecto, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as *Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*

Procede, xa que logo, rectificar este erro que implica, ao mesmo tempo, rectificar a base reguladora de concesión das axudas 3.1, fixando como importe global das subvencións obxecto da convocatoria os 25.000,00€.

Existe consignación adecuada e suficiente na aplicación 41.4412.47901 do Orzamento Municipal para o exercicio 2024.

Vistos estes antecedentes, e facendo uso das facultades delegadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o día 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)

RESOLVO

Primeiro. Rectificar ao aveiro do disposto no o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas a Resolución da concelleira de Infraestruturas e Mobilidade RES/AYT/12700/2024, do 13.07.2024, ditada por delegación da Xunta de Goberno Local, que autorizaba o gasto e aprobaba a convocatoria e as bases reguladoras de concesión de axudas para o mantemento e compensación dos gastos de taxis adaptados ás persoas con

movilidade reducida do seguinte xeito, xa que o importe que se debe autorizar é de 25.000,00€, o que implica a modificación da base 3.1 das reguladoras e os apartados primeiro e segundo da resolución, polo que quedan do seguinte xeito:

Primeiro.- *Autorizar o gasto de 25.000,00 €, correspondente a convocatoria específica para o mantemento e compensación dos gastos de taxis adaptados ás persoas con mobilidade reducida, imputable á aplicación 41.4412.479.01 do Orzamento Municipal para o exercicio 2024.*

Segundo.- *Aprobar a convocatoria pública e as bases reguladoras da concesión das devanditas axudas, (código seguro de verificación 121E 3Z0U 1A61 3F2S 0MFS para a versión en galego e 2A6E 4O0N 2G6R 0L3W 0V8N para a versión en castelán, que se rexerá polas normas contidas na Ordenanza Municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47, de data 26 de febreiro de 2008).*

Segundo. Conservar a vixencia do resto da resolución.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento.

Por delegación da Xunta de Goberno Local (acordo do 04.07.2024, BOP 129 do 05.07.2024)
A concelleira delegada de Infraestruturas e Mobilidade